



ASUNTO: AUTORIZACION DE GESTOR DE RESIDUOS NON PERIGOSOS

nº exp:RI-2001/023

Mediante o presente escrito notifícase que con data do 8 de xuño de 2001- dictouse a Resolución que se achega, comunicándolle asimismo que contra dita Resolución que non esgota a vía administrativa poderá interpoñerse, de conformidade co disposto no art. 114 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, reguladora do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, recurso de alzada no prazo dun mes contado desde a notificación da presente resolución, ante o Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2001-

O XEFE DE SERVICIO DE CONTROL
E XESTIÓN DE RESIDUOS

Fdo: Fernando Asperilla Pinilla



Vº Bº y Conforme
A SUBDIRECTORA XERAL DE
CALIDADE AMBIENTAL



Fdo.: Natalia Crespo González



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL, de autorización de XESTOR de residuos non perigosos á empresa-AGROAMB PRODALT, S.L..

VISTA a solicitude formulada por don **Severiano Ónega Ares**, como representante legal da empresa **AGROAMB PRODALT, S.L.** (C.I.F. **B-27257666**), con localización do centro xestor **Ponte de Outeiro, 7, Castro de Rei (Lugo)**, esta Dirección Xeral incoou o oportuno expediente de acordo cos seguintes

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 28/05/01, nº de rexistro de entrada 7475, a empresa AGROAMB PRODALT, S.L., solicita a autorización para a realización de actividades de xestión de residuos non perigosos, consistente en recollida, transporte e valorización mediante aplicación agrícola de lodos da produción primaria agrícola, horticoltura, caza, pesca y acuicultura y de la preparación y elaboración de alimentos (CER 020199), de tratamento "in situ" de efluentes da preparación en transformación de carne, pescado e outros alimentos de orixe animal (020204), da preparación en transformación de froitas, hortalizas, cereais, aceites comestibles, cacao, café e tabaco; produción de conservas; produción de tabaco (020305); da elaboración do sucre (020403); da industria de produtos lácteos (020502), da industria de panadería e pastelería (020603); da produción de bebidas alcohólicas e non alcohólicas (020705); lodos do tratamento anaeróbico de residuos municipais e asimilados (190601) lodos do tratamento de augas residuais industriais (190804); xunto coa documentación exisida no artigo 9 do Decreto 298/2000, do 7 de decembro para este tipo de actividades.

Segundo.- Con data do 24/05/01, a empresa presenta xustificante acreditativo do seguro de responsabilidade civil para a xestión de residuos non perigosos na súa actividade industrial hata un límite máximo de VINTECINCO MILLÓNS DE PESETAS, que cubre segundo os seus termos os danos previstos no artigo 10 do decreto 298/2000, do 7 de decembro.

Carto.- Con data do 24/05/01 a empresa presenta documentación acreditativa de haber constituído fianza por unha cuantía de SEISCENTAS TRECE MIL PESETAS na forma establecida no Decreto 455/1996, de fianzas en materia medioambiental, de conformidade co disposto no artigo 10 do decreto 298/2000, do 7 de decembro.

Terceiro.- Con data do 6/6/01, a empresa realiza o aboamento das taxas correspondentes á autorización de xestor de residuos non perigosos.

Cuarto.- Vista toda a documentación, considérase que está acorde co requerido pola lexislación vixente.





FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.-Sendo esta Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental competente para coñecer a petición formulada, de conformidade co establecido na Lei 10/1998, do 21 de abril, de Residuos, o Decreto 298/2000, do 7 de decembro, polo que se regula a autorización e notificación de produtor e xestor de residuos de Galicia e se crea o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, o Decreto 482/97, de 30 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente de asignación de competencias.

Segundo.- **En el expediente instruido al efecto se han cumplido los trámites reglamentarios previstos en la normativa de aplicación, habiéndose emitido el preceptivo informe favorable, en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 10 do Decreto 298/2000, do 7 de decembro**

Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, no exercicio das competencias que ten atribuídas

RESOLVE

Autorizar-la empresa AGROAMB PRODALT, S.L. (C.I.F. B-27257666), con localización do centro Ponte de Outeiro, 7, Castro de Rei (Lugo), **como XESTOR de residuos non perigosos con número de autorización: RIV-15/01** para a realización das actividades consistente en recollida, transporte e valorización mediante aplicación agrícola de: lodos da produción primaria agrícola, horticoltura, caza, pesca y acuicultura y de la preparación y elaboración de alimentos (CER 020199), de tratamento "in situ" de efluentes da preparación en transformación de carne, pescado e outros alimentos de orixe animal (020204), da preparación en transformación de froitas, hortalizas, cereais, aceites comestibles, cacao, café e tabaco; produción de conservas; produción de tabaco (020305); da elaboración do sucre (020403); da industria de produtos lácteos (020502), da industria de panadería e pastelería (020603); da produción de bebidas alcohólicas e non alcohólicas (020705); lodos do tratamento anaeróbico de residuos municipais e asimilados (190601) lodos do tratamento de augas residuais industriais (190804); de acordo coas seguintes condicións:

PRIMEIRA.- En todo momento deberán cumprí-las prescricións de residuos non perigosos que se establecen na Lei 10/1998, do 21 de abril, de Residuos, y o Decreto 298/2000, do 7 de decembro así como en cantas disposicións fosen dictadas ou se dicten na Administración do Estado ou na Administración da Xunta de Galicia en materia de residuos non perigosos, e en especial para as actividades de valorización e eliminación

- a) formaliza-la declaración anual de conformidade co o previsto no artigo 17 do o Decreto 298/2000, do 7 de decembro; dita declaración deberase presentar antes





do 1 de marzo na Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental segundo modelo oficial.

- b) establecemento dun rexistro documental no que figuren a cantidade, naturaliza, orixe, destino, frecuencia de recollida, medio de transporte e método de xestión. Todo ello conforme o disposto no artigo 13.3 da lei 10/98, de 21 de abril.
- c) Cumplimento do disposto no Real Decreto 1310/1990, de 29 de outubro, polo que se regula a aplicación dos lodos de depuradora no sector agrario, a Orde Ministerial de 26 de outubro de 1993, e toda aquela normativa que se dicte con posterioridade sobre o tema.

SEGUNDA: Esta inscrición outórgase sen prexuízo das demais licencias ou autorizacións esixibles polo ordenamento xurídico.

TERCEIRA: A realización das actividades autorizadas deberá estar cuberta por unha póliza de responsabilidade civil por unha contía de VINTECINCO MILLÓNS de pesetas. O incumprimento desta obriga suporá a suspensión da eficacia da autorización outorgada, non podendo exercer as actividades prescritas mentres persista esta circunstancia.

CUARTA: Esta autorización concédese por un periodo de cinco anos, susceptibles de dúas prórrogas sucesivas doutros cinco anos cada unha, despois de informe favorable da Subdirección Xeral de Calidade Ambiental. As devandidas prórrogas deberán ser solicitadas polo titular da autorización con , alomenos tres meses de antelación á data en que expire a autorización vixente.

QUINTA: O incumprimento dos termos desta autorización ou da normativa de aplicación, podrá dar lugar a incoación do expediente sancionador previsto na Lei 10/98, do 21 de abril, de Residuos

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2001

**O DIRECTOR XERAL DE CALIDADE E
AVALIACIÓN AMBIENTAL**

Asdo. : Francisco Pan - Montojo González